

BLOQUE I: SÉCULOS XVI-XVII

TEMA 1. A NOVA MONARQUÍA DOS RRCC (unión dinástica, reorganización político administrativa)

Nesta pregunta o alumnado deberá referirse á unión dinástica das **Coroas de Castela** e de **Aragón** a través do matrimonio de **Sabela de Castela** e **Fernando de Aragón**, explicando a reorganización político-administrativa que tivo lugar, sobre todo, en **Castela** a través de novas institucións. Tamén se debe sinalar que o devandito proceso completouse coa utilización de institucións relixiosas, como a Inquisición, con fins políticos e que tivo como un dos seus principais obxectivos lograr o sometemento da nobreza.

Tradicionalmente considérase, aínda que non de forma unánime, que no reinado de **Sabela** e **Fernando** se logrou a unidade territorial de España e que se sentaron as bases da construción dun **Estado moderno** con gran proxección internacional. Son coñecidos como os **Reis Católicos**, título honorífico concedido polo **Papa Alexandre VI** en 1496 por pacificar os seus reinos, conquistar **Granada** aos musulmáns, expulsar aos xudeus, defender os intereses do Papado en Italia e loitar pola fe católica; este título sería herdado polos seus sucesores.

1.1. Sometemento da nobreza e Unión dinástica

Sabela de Castela, irmán do rei **Enrique VI**, casa co herdeiro ao trono aragonés, **Fernando de Aragón** en **1469**.

Desde o inicio dos seus reinados, tanto **Sabela** como **Fernando** tiveron que impoñerse aos nobres rebeldes. En **Castela**, coa morte do seu rei, **Sabela** pugna polo trono ao mesmo tempo que a súa sobrina, **Xoana**, chamada “A Beltranexa”. Isto dará lugar a unha **guerra civil no reino**: os que apoian a **Xoana** (Portugal, Francia, e membros da alta nobreza castelá) e os que apoian a **Sabela** (a coroa de Aragón e a baixa nobreza). A derrota dos partidarios de **Xoana** na **batalla de Toro** (1476) marcou o desenlace da guerra civil.

Ese mesmo ano, en **1476**, **Fernando** é coroado rei de Aragón. Culmínase así a unión entre estes dous reinos. En Cataluña, **Fernando** resolveu o problema que enfrontaba os nobres cos *campesíños remensas* en 1486 mediante a **abolición dos malos usos** que relcamaban os camesíños, pacificando así o territorio.

A unión entre **Sabela** e **Fernando** non será unha unión nun só reino, senón que **será unha unión dinástica**, establecida a través do documento a “**Concordia de Segovia**”. Así, estipulábase que ambos os dous conservarían o seu poder en cada territorio ante o temor por parte de **Sabela** de que Fernando pretendere ser declarado o único herdeiro lexítimo por ser varón nos dous reinos. Esta unión era, polo tanto, de tipo dinástico e en ningún caso implicaba unha unión política de ambos reinos. Tiñan en común as persoas dos reis que as gobernaban conxuntamente, pero cada reino conservaba a súa independencia política, as súas leis, impostos e principais institucións.

1.2. Reorganización político-administrativa

A política institucional que impoñeron os **Reis Católicos** orientouse a crear unha monarquía autoritaria e forte fronte aos os outros grandes poderes: a nobreza, a Igrexa e as cidades. Pretendían socavar os privilexios políticos destes grupos e facer mais efectiva a administración do Estado. Para iso reforzaron institucións xa existentes, especialmente en Castela:

a) Reforzamento dos consellos. Reorganizouse o **Consello Real de Castela** (1480), que se constituiu no principal órgano asesor e de goberno dos reis. Profesionalizouse a

institución e, aínda que nobres e eclesiásticos formaban parte dela, os monarcas introduciron na súa composición funcionarios con formación xurídica. Con esta medida a aristocracia perdeu influencia política. As súas funcións eran moi amplas e estaba organizado en comités específicos: política exterior, xustiza, facenda... Ademais crearon o Consello da Inquisición (1483), o Consello das Ordenes Militares (1489), de Aragón, de Navarra, de Indias, etc

b) Extensión dos **vicereis** a aqueles territorios que, coma a **Coroa de Aragón** e o **Reino de Navarra**, tiñan leis e organismos específicos. Para Galicia crearon o cargo de **Gobernador**, con poderes semellantes aos do vicerrei.

c) Reforma da xustiza en **Castela** coa creación das **Chancelerías** (Valladolid e Granada) e **Audiencias** (Galicia e Sevilla), tribunais permanentes que exercían a súa xurisdicción sobre un territorio delimitado.

d) Imposición dos **correxidores** nas **ciudades de reguengo castelás**; actuaban como representantes dos reis e encargábanse da orde pública, de impartir xustiza e de supervisar a vida municipal.

e) Incremento da burocracia e formación dun exército permanente, baseado nos **terzos**, ao servizo da Monarquía.

f) As **Cortes** (diferenciadas para Castela, Aragón, Cataluña, Valencia e Navarra) mantiveron as súas funcións básicas: aprobación das leis, a proposta dos reis, e recadación de impostos.

Os **Reis Católicos** tamén ampliaron os territorios das **Coroas de Castela e Aragón**: conquista de Granada en 1492, reintegración do Rosellón e a Cerdeña en 1493, conquista de Canarias, expansión polo Mediterráneo coa incorporación do reino de Nápoles en 1505, e anexión de Navarra.

POLÍTICA RELIXIOSA:

Ambos monarcas levarán a cabo unha política relixiosa baseada na uniformidade relixiosa, onde só a relixión cristiá será a válida en todo o territorio. A primeira medida será a expulsión dos xudeus da Península en 1492. Unha vez conquistada Granada procederán á conversión forzosa dos mudéxares (musulmáns en terras cristiáns) que serán "**CONVERSOS**"¹ forzosos. Esta política será reforzada e vixiada a través do **Tribunal da Inquisición**.

1 **CONVERSO**: Persoa que acepta unha crenza relixiosa ou ideoloxía diferente á que profesaba. Na España dos séculos XVI e XVII aplicábase especialmente aos musulmáns e xudeus que se convertían ao cristianismo, ben por convicción, ben por evitar persecucións, especialmente a partir do reinado dos Reis Católicos. Foron controlados polo Tribunal da Inquisición, sendo sospeitosos de profesar a súa relixión de xeito secreto.